



Francisco Rivera toma posesión como deputado do Parlamento de Galicia

- **Sustitúe a Laura Seara**

Santiago, 9 de febreiro de 2010.- Juan Carlos Francisco Rivera tomou posesión hoxe da súa acta de deputado do PSdeG-PSOE por Ourense, en substitución de Laura Seara, que deixou o seu escano no Parlamento de Galicia para asumir a Dirección do Instituto da Muller, no Ministerio de Igualdade.

Juan Carlos Francisco Rivera naceu en Verín –Ourense- o 16 de xaneiro de 1968.

Estudos e profesión:

Licenciado en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, minimaster en bolsa e mercado de valores e curso superior de recadación e xestión tributaria –Málaga, 1996-. Ten estudos en Ciencias Políticas.

Foi avogado no Colexio de Ourense dende 1996 e director-xerente da auditora Retrilo, S.L. ata o seu nomeamento como deputado polo Parlamento de Galicia.

Foi presidente do Verín C.F entre 1998-2007

Cargos institucionais:

Portavoz municipal do Grupo Socialista no concello de Verín entre 2007 e 2009, etapa na que foi secretario local do PSdeG-PSOE de Verín e secretario comarcal.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia